



Xabier Pérez Igrexas, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, ao abeiro do establecido nos artigos 82 e 83 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa de aplicación e dentro do prazo establecido formula as seguintes

*EMENDAS PARCIAIS AO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO
CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2025 (Expte. 90/142)*

aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, do 18 de outubro 2024:

- **135 emendas** de aumento ou de creación de novas partidas de gasto, por un importe total de **21.928.000,00 €**, que se detallan na relación que se acompaña.
- **17 emendas** de supresión ou diminución de partidas de gasto, por un importe total de **-21.928.000,00 €**, que se detallan na relación que se acompaña.

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

Que conste por interposto este escrito e estime as súas pretensións, para a que á vista das mesmas se proceda a MODIFICAR o proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo para o vindeiro ano 2025, conforme ao sinalado nas emendas que se formulan.

En Vigo a 31 de outubro de 2024.

Asdo.:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE,
CONCELLO DE VIGO**

EMENDAS DE AUMENTO DE PARTIDA E CREACIÓN DE NOVAS PARTIDAS DE GASTO

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
1	Aumento	1510 6800200	EDIFICIO ESTURÁN ALUGUEIRO SOCIAL	Dotar de máis recursos esta actuación	974.145,24 €	200.000,00 €	1.174.145,24 €
2	Aumento	1510 7800000	AXUDA ACCESIBILIDADE EDIFICIOS	Aumentar as accións subvencionadas e as persoas ou comunidades beneficiarias	50.000,00 €	150.000,00 €	200.000,00 €
3	Aumento	1532 2100003	SUPRESIÓN BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	Dotar de máis recursos esta actuación	140.000,00 €	50.000,00 €	190.000,00 €
4	Aumento	1532 6190006	PLAN BEIRARRUÁS EN BARRIOS	Atender debidamente as necesidades do conxunto dos barrios e parroquias no que ten a ver co correcto mantemento da súa rede viaria	400.000,00 €	400.000,00 €	800.000,00 €
5	Aumento	1710 6190000	MELLORAS INST. DEPORTIVAS EN PARQUES	Dotar de máis recursos esta actuación	80.000,00 €	30.000,00 €	110.000,00 €
6	Aumento	1710 6190003	Recuperación de zonas verdes	Dotar de maiores medios económicos que permitan actuar nunha maior superficie de zonas verdes da cidade.	100.000,00 €	50.000,00 €	150.000,00 €
7	Aumento	1710 6190016	ARRANXO PALCOS EN ALAMEDAS PÚBLICAS	Dotar de máis recursos esta actuación	15.000,00 €	10.000,00 €	25.000,00 €
8	Aumento	1721 2120000	Mantemento da caneira da Madroa	Dotar de máis medios para atender as necesidades de mantemento dunhas instalacións en claro estado de precariedade e insuficiencia.	20.000,00 €	30.000,00 €	50.000,00 €
9	Aumento	1721 2260201	Campañas de sensibilización ambiental	Promover desde o ámbito municipal a sensibilización ambiental no conxunto da poboación e singularmente enfrontar os reptos da emerxencia climática.	5.000,00 €	30.000,00 €	35.000,00 €
10	Aumento	1721 2270001	LIMPEZA RÍO LAGARES	Dotar de máis recursos esta actuación	40.000,00 €	20.000,00 €	60.000,00 €
11	Aumento	1721 2279904	Convenio sociedade protectora de animais	Dotar de máis recursos a entidade que xestiona a protectora para atender en mellores condicións os animais.	0,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
12	Aumento	2310 2260902	PROGRAMA AVELLNTAMENTO ACTIVO	Dotar de máis recursos esta actuación	213.457,36 €	20.000,00 €	233.457,36 €
13	Aumento	2310 2260907	PRG. SOCIO-EDUCATIVO APOIO FAMILIAR	Dotar de máis recursos esta actuación	829.288,50 €	150.000,00 €	979.288,50 €
14	Aumento	2310 2279901	PREST SERVICIO AXUDA NO FOGAR	Aumentar o número de horas dispoñíbeis e a carteira de servizos	10.894.277,95 €	500.000,00 €	11.394.277,95 €
15	Aumento	2310 2279908	Plan local drogas	Dotar de máis medios e recursos o Plan Local de Drogas	1.000,00 €	34.000,00 €	35.000,00 €
16	Aumento	2310 2279913	PREST. SERVICIOS CENTRO SERVICIOS SOCIAIS	Dotar de máis recursos esta actuación	1.028.108,17 €	200.000,00 €	1.228.108,17 €
17	Aumento	2310 4539000	Programa Xantar na Casa	Alargar o número de persoas beneficiarias	157.000,00 €	50.000,00 €	207.000,00 €
18	Aumento	2310 4800000	Axudas a familias e fondos de emerxencia desafiuzamentos	Enfrontar o crecente empobrecemento, a carestía de prezos e a insuficiencia das axudas públicas existentes, no obxectivo de reconfigurar estas axudas como unha renda social municipal compatible con outros ingresos de inserción	1.300.000,00 €	1.200.000,00 €	2.500.000,00 €
19	Aumento	2310 4800009	CONVOCATORIA SUBVENCIONS COOPERACIÓN	Incrementar os recursos destinados a programas de cooperación	60.000,00 €	40.000,00 €	100.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
20	Aumento	2310 4810000	Becas libro comedor	A situación social e a rebaixa nas becas e axudas públicas destinadas ao ensino por parte doutras administracións fan necesario reforzar as becas municipais	1.427.700,00 €	100.000,00 €	1.527.700,00 €
21	Aumento	2310 4890011	CONVENIO SAHARAUIS	Duplicar a axuda municipal en favor do pobo saharauí	70.000,00 €	70.000,00 €	140.000,00 €
22	Aumento	2311 2260200	Campañas contra a violencia de xénero	O aumento nos casos de violencia machista na nosa cidade, xustifican que desde o Concello de Vigo se teña que desenvolver un grande esforzo para combater o discurso patriarcal do que xorde esa violencia, para poñer freo aos feminicidios.	3.000,00 €	147.000,00 €	150.000,00 €
23	Aumento	2311 2279906	Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades	Cómpre despregar máis recursos para executar na súa integridade as accións recollidas no plan, alargando a súa incidencia social para avanzar cara a unha sociedade plenamente igualitaria e na que fiquen superada a discriminación por razón de xénero.	205.000,00 €	295.000,00 €	500.000,00 €
24	Aumento	2311 4890004	CONV. FUNCIO R. MULL. CONTRA MALOS TRAT	Dotar de máis recursos esta actuación	80.300,00 €	19.700,00 €	100.000,00 €
25	Aumento	2410 1310000	Programa de axudas ao Plan de emprego municipal (DUSI OT9 LA17 INSERCIÓN LABORAL)	Aumentar os recursos destinados á promoción do emprego na cidade	1.210.000,00 €	1.790.000,00 €	3.000.000,00 €
26	Aumento	2410 4700000	Plan de emprego xuvenil	Promover a creación de postos de traballo destinados á mocidade	7.000,00 €	93.000,00 €	100.000,00 €
27	Aumento	3112 2260900	ACTIV. CULTURAIS E DEPORTIVAS DOS ENFERMOS (CEDRO)	Dotar de máis recursos esta actuación	5.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €
28	Aumento	3230 2120000	Reparacións e mantementos de edificios dos colexios.	Dotar dos medios necesarios para o axeitado mantemento dos colexios públicos da cidade	670.000,00 €	50.000,00 €	720.000,00 €
29	Aumento	3230 2279903	Escola Municipal de Teatro	Dotar de máis medios e recursos a Escola Municipal	102.626,00 €	30.000,00 €	132.626,00 €
30	Aumento	3260 2279918	Escola Municipal de Música Tradicional e Folk	Dotar de máis medios e recursos a Escola Municipal	256.140,35 €	30.000,00 €	286.140,35 €
31	Aumento	3260 4890001	Convenio Foanpas	Aumentar a dotación económica do convenio subscrito con Foanpas para a mellor atención das necesidades extraordinarias derivadas do incremento dos prezos, nomeadamente no referido aos comedores escolares.	642.405,31 €	50.000,00 €	692.405,31 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
32	Aumento	3330 2260202	Promoción de actividades museísticas	Vigo conta con instalacións museísticas de grande valor, tanto na súas dotacións- contedores como nos seus contidos. Para pallar a continuada perda de visitantes é imprescindible acometer unha maior dinamización e promoción da actividade museística.	3.000,00 €	47.000,00 €	50.000,00 €
33	Aumento	3330 2260900	Programa de actividades (Rede Museística)	Axudar a dinamizar e promover a rede museística.	41.000,00 €	59.000,00 €	100.000,00 €
34	Aumento	3330 2260901	Programas exposicións (Rede Museística)	Axudar a dinamizar e promover a rede museística.	200.000,00 €	50.000,00 €	250.000,00 €
35	Aumento	3330 2279903	Plan de dinamización e recup. Arquivo Pacheco	Axudar a dinamizar e promover a rede museística.	40.000,00 €	10.000,00 €	50.000,00 €
36	Aumento	3330 4890003	Fundación MARCO	Axudar a dinamizar e promover a rede museística.	750.000,00 €	50.000,00 €	800.000,00 €
37	Aumento	3331 2260906	Programación auditorio municipal	Duplicar os medios económicos asignados inicialmente co obxectivo de alargar a oferta de actividades e asegurar unha programación estábel durante doce meses.	230.000,00 €	70.000,00 €	300.000,00 €
38	Aumento	3340 2260901	PROGRAMA CULTURAL	Dotar de máis recursos esta actuación	197.000,00 €	100.000,00 €	297.000,00 €
39	Aumento	3340 4700003	ARTIKA PROGRAMACIÓN TEATRO	Dotar de máis recursos esta actuación	6.000,00 €	10.000,00 €	16.000,00 €
40	Aumento	3340 4700004	TEATRO ENSALLE	Dotar de máis recursos esta actuación	5.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €
41	Aumento	3340 4800016	Subvención federación libreiros de Galiza, Feira do Libro.	Dimensionar un evento da relevancia da Feira do Libro de Vigo para contribuir á promoción da lectura e da literatura na nosa cidade.	15.000,00 €	35.000,00 €	50.000,00 €
42	Aumento	3340 4800019	Convenio Fundación SondeSeu programa de concertos.	Potenciar a música folque na cidade de Vigo facendo valer o feito de ser a única urbe do Estado que conta cunha orquestra folque e con grande proxección internacional.	8.000,00 €	12.000,00 €	20.000,00 €
43	Aumento	3341 2260201	PROMOCI. DA LINGUA E O DEPORTE EN GALEGO	Dotar de máis recursos esta actuación	3.000,00 €	3.000,00 €	6.000,00 €
44	Aumento	3341 2260901	CELEB. DATAS CONMEMORAT. GALEGAS	Garantir os recursos necesarios para a adecuada conmemoración das datas conmemorativas galegas na maior cidade de Galiza	15.000,00 €	10.000,00 €	25.000,00 €
45	Aumento	3370 2279905	ASES.NUTRICIONAL E HORTOS URBANS	Manter os recursos asignados a este servizo	2.000,00 €	10.000,00 €	12.000,00 €
46	Aumento	3410 2260200	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE	Dotar de máis recursos esta actuación	2.000,00 €	8.000,00 €	10.000,00 €
47	Aumento	3410 2260901	ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	Ampliar a programación de actividades deportivas	10.500,00 €	19.500,00 €	30.000,00 €
48	Aumento	3410 4890000	Subvención a clubes deportivos sen ánimo de lucro,	Fornecer dun maior financiamento a partida destinada as achegas económicas que o Concello de Vigo destina ao deporte de base.	1.100.000,00 €	75.000,00 €	1.175.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
49	Aumento	3420 2100001	MANT. TERREOS CAMPOS FUTB E OUT INSTAL.	Mellorar o mantemento municipal das instalacións deportivas	120.000,00 €	30.000,00 €	150.000,00 €
50	Aumento	3420 212000	MANTENIMENTO E MELLORA INSTALAC DEPORT.	Mellorar o mantemento municipal das instalacións deportivas	300.000,00 €	50.000,00 €	350.000,00 €
51	Aumento	3420 2260901	ESCOLAS DEPORTIVAS	Potenciar as escolas deportivas municipais, alargando as disciplinas ofertadas e permitindo o aumento de usuarias/os.	500.000,00 €	100.000,00 €	600.000,00 €
52	Aumento	3420 6290000	EQUIPAMENTO DEPORTIVO DAS INSTALACIONES	Corrixir o déficit de material e equipamento deportivo	80.000,00 €	70.000,00 €	150.000,00 €
53	Aumento	3420 6320001	REDAC. PROXECTO E 1ª ANUALIDADE P. ATLETISMO BALAIADOS	Dotar de máis medios a execución desta actuación	300.000,00 €	200.000,00 €	500.000,00 €
54	Aumento	3420 6320011	INVESTIMENTO E MELLORA INSTALC, DEPORT.	Dispor dos medios necesarios para resolver as deficiencias detectadas en moitas instalacións deportivas	400.000,00 €	200.000,00 €	600.000,00 €
55	Aumento	3420 6320015	PISCINA TEIS, INVESTIMENTO POR INCENDIO E MELLORA,	Dotar de máis recursos esta actuación	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
56	Aumento	4320 4890000	Fundación Vigo Convention Bureau	Potenciar a labor da Fundación como dinamizador e captador de turismo MICE	225.000,00 €	75.000,00 €	300.000,00 €
57	Aumento	4930 2260200	Orientación e información ao consumidor.	Reforzar de maneira significativa os servizos de asesoramento ás persoas consumidoras da nosa cidade.	3.000,00 €	10.800,00 €	13.800,00 €
58	Aumento	9240 4890000	Subvencións a entidades cidadás.	Destinar máis medios para colaborar no financiamento de actividades e servizos prestados polo tecido asociativo.	262.000,00 €	100.000,00 €	362.000,00 €
59	Aumento	9240 6320005	INVEST. MELLORA CENTROS CULT MUNICIPALS	Atender as necesidades de mellora dos centros culturais	225.000,00 €	20.000,00 €	245.000,00 €
60	Aumento	9330 6320062	ACOND. ANTIGUO AMBULATORIO TEIS P BIBLIOTECA, 2ª ANUAL	Aumentar os recursos económicos para garantir a efectivización do proxecto, garantindo unha biblioteca plenamente equipada e dotada e non apenas unha sala de lectura	900.000,00 €	150.000,00 €	1.050.000,00 €
61	Nova creación	Acción Social	Plan municipal de axuda ao alugueiro	posta en marcha dun Plan municipal de axuda ao alugueiro, que sendo compatibel con outras axudas, ofrezca unha axuda máxima de 200€ mensuais para satisfacer as cotas de alugueiro de familias de ingresos baixos. Esta axuda servirá tamén para evitar que a situación desemoque nun despecho. Tamén incluírá un programa facilitador do alugueiro que inclúa a posibilidade de anticipar o importe das fianzas, avais e outras garantías, en forma de préstamo sen xuros as persoas de menores recursos e a menores de 35 anos.		1.500.000,00 €	1.500.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
62	Nova creación	Acción Social	Programas do Consello Local de Cooperación Internacional e Solidariedade	Dotar dunha partida suficiente para que o Consello poida planificar o desenvolvemento e execución de programas en atención da súa misión e obxectivos, avanzando de atinxir o obxectivo do 0,7% dos orzamentos.		100.000,00 €	100.000,00 €
63	Nova creación	Acción Social	Creación da Axencia Local de Vivenda Protexida e Social	Creación dun instrumento municipal desde o que promover e xestionar un Parque Municipal de Vivenda Protexida e Social.		250.000,00 €	250.000,00 €
64	Nova creación	Acción Social	Programa municipal de accesibilidade cognitiva (TEA)	Que inclúa a sinalización de espazos mediante o uso de pictogramas, a implantación de mecanismos e procedementos de lectura fácil, o deseño de accesibilidade TIC, a promoción de recursos de apoio á comunicación e a formación específica do persoal municipal na comunicación con persoas con TEA e outros trastornos.		20.000,00 €	20.000,00 €
65	Nova creación	Acción Social	Servizo de Atención Temperá especializado en TEA	A cidade de Vigo non pode seguir carecendo de un servizo público tan beneficioso para a calidade de vida de un numeroso grupo de poboación e para control da dependencia dos nenos e nenas que se diagnostican con TEA todos os anos na nosa cidade.		80.000,00 €	80.000,00 €
66	Nova creación	Acción social	Subvención bono-taxis discapacitados	O programa de bono-taxi tense demostrado un instrumento eficaz á hora de facilitar os desprazamentos das persoas con problemas de mobilidade, complementando o transporte colectivo.		50.000,00 €	50.000,00 €
67	Nova creación	Acción social	Convenio funcionamento centro Amencer-Aspace	Colaborar no sostemento económico do centro de Amencer-Aspace da nosa cidade pola súa relevante achada social.		80.000,00 €	80.000,00 €
68	Nova creación	Acción Social	Programa municipal de alternativas habitacionais para persoas en situación de vulnerabilidade social	Garantir a oferta de alternativas habitacionais dignas para as persoas en risco de desafuizamento, en situación de vulnerabilidade social severa ou que perdan a súa vivenda habitual.		1.500.000,00 €	1.500.000,00 €
69	Nova creación	Acción Social	Oficina Municipal de Atención LGBT+	Posta en marcha dunha oficina municipal para atención, apoio e asesoramento do colectivo LGBT+		55.000,00 €	55.000,00 €
70	Nova creación	Acción Social	Convenio de colaboración coa UNRWA	Contribuír ao sostemento da actividade humanitaria desta axencia da Nacións Unidas en favor do pobo palestino.		300.000,00 €	300.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
71	Nova creación	Bibliotecas públicas	Elaboración proxecto e construción de bibliotecas municipais en Valadares, Coia, Navia e Lavadores	Os barrios de Valadares, Coia, Navia e Lavadores teñen demandando desde hai tempo contar cunha biblioteca ante a ausencia de alternativas públicas e privadas nas súas inmediacións. Son numerosas as entidades, centros culturais e veciñais, que contan con bibliotecas e salas de lectura nos diferentes barrios e parroquias da cidade. Espazos que nalgúns casos fican infrutilizados pola falla de recursos de estas entidades para a súa dinamización e apertura, polo que se fai preciso un programa municipal que atenda esta cuestión.		200.000,00 €	200.000,00 €
72	Nova creación	Bibliotecas públicas	Programa de dinamización de bibliotecas e salas de lectura nos barrios				
73	Nova creación	Bibliotecas públicas	Programa municipal de promoción da lectura	A lectura é unha actividade esencial para a boa saúde cultural dunha sociedade. Neste sentido, propónse desenvolver un programa de promoción desde o Concello, a se despregar desde as bibliotecas públicas municipais e en colaboración con outras entidades e institucións e o tecido literario e editorial da cidade, para promover o hábito lector.		75.000,00 €	75.000,00 €
74	Nova creación	Comercio	Plan integral de impulso do comercio polo miúdo e de proximidade de Vigo	Elaboración e execución dun Plan integral de impulso do comercio polo miúdo/de proximidade de Vigo co fin de mellorar e fortalecer a posición competitiva do sector e frear a perda de tecido comercial na cidade froito da profunda crise que atravesou o comercio.		50.000,00 €	50.000,00 €
75	Nova creación	Cultura	Mostra Atlántica de Danza e Circo	Facer que Vigo sexa sede dunha Mostra Atlántica de Danza e Circo que proxecte a cidade no ámbito da lusofonía e estreite a cooperación cultural con Portugal.		250.000,00 €	250.000,00 €
76	Nova creación	Cultura	Programa Vigo.Cul (promoción de grupos locais)	Apoio e promoción de grupos locais a través do despregamento dunha programación estábel e descentralizada de actuacións.		70.000,00 €	70.000,00 €
77	Nova creación	Cultura	Programa Cultura Moza	Destinado á promoción de grupos artísticos e musicais da cidade integrados por xente nova, a través da posta en marcha dunha programación estábel.		100.000,00 €	100.000,00 €
						50.000,00 €	50.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
78	Nova creación	Cultura	Semana da Literatura de Vigo	Posta en marcha dunha Semana da Literatura en Vigo, potenciando a Feira do libro e incluíndo un certame literario municipal e un Fórum Editorial con perspectiva internacional e apostando na proxección e relacionamento coa comunidade literaria.		60.000,00 €	60.000,00 €
79	Nova creación	Cultura	Programa descentralizado de feiras e exposicións de artes plásticas	Poñer en marcha unha programación de feiras e exposicións de artes plásticas de carácter descentralizado nos barrios e parroquias, co obxectivo de achegar estas manifestacións culturais ao conxunto da veciñanza e brindar a posibilidade ás creadoras/es de dar a coñecer a súa obra.		30.000,00 €	30.000,00 €
80	Nova creación	Cultura	Programa municipal de residencias artísticas e literarias	Desenvolver un programa municipal para a organización de residencias artísticas e literarias, incluíndo as diferentes disciplinas.		25.000,00 €	25.000,00 €
81	Nova creación	Cultura	Programa da Dinamización da Cultura Tradicional	Desenvolver un programa dedicado á promoción, difusión e formación en música e baile tradicionais galegos, incluíndo unha liña de axudas aos colectivos e agrupacións culturais da cidade e ofertando a realización de accións formativas, gratuítas para o alumnado, nos centros escolares da cidade.		150.000,00 €	150.000,00 €
82	Nova creación	Cultura	Feira das Artes Plásticas e Visuais	Poñer en marcha unha programación de feiras e exposicións de artes plásticas de carácter descentralizado nos barrios e parroquias, co obxectivo de achegar estas manifestacións culturais ao conxunto da veciñanza e brindar a posibilidade ás creadoras/es de dar a coñecer a súa obra.		35.000,00 €	35.000,00 €
83	Nova creación	Cultura	Fábrica Cultural de Teis	rehabilitación da antiga fábrica de pinturas en Teis, abandonada e de titularidade municipal, para promover unha dotación pública para a cultura de 2 mil metros cadrados		300.000,00 €	300.000,00 €
84	Nova creación	Cultura	Festa Recolleita-Sementeira, Colectivo MalaHerba	Colaborar no financiamento da celebración das festas da colleita e sementeira		5.000,00 €	5.000,00 €
85	Nova creación	Cultura	Estudo de accións para a protección e valorización do patrimonio industrial da cidade	Elaborar un estudo que permita a definición de accións concretas destinadas a alargar a protección e valorización do vizozo patrimonio industrial da nosa cidade		15.000,00 €	15.000,00 €
86	Nova creación	Cultura	Proxecto e construción dun Centro Cultural na parroquia de Coruxo	Dotar a parroquia dunha infraestrutura cultural que potencie o desenvolvemento das actividades artísticas e culturais		100.000,00 €	100.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
87	Nova creación	Cultura	Subvención á Feira de Artesanía "O Feito a Man"	Recuperar a celebración desta emblemática feira de artesanía na nosa cidade, impulsando a posibilidade de que poida celebrarse unha dupla edición cada ano.		30.000,00 €	30.000,00 €
88	Nova creación	Cultura	Programa municipal de memoria democrática	Despregar accións concretas, de sensibilización, identificación e reparación, en favor da memoria democrática e a retirada de todo vestixio de simboloxía franquista e fascista, incluíndo a retirada da Cruz do Castro		100.000,00 €	100.000,00 €
89	Nova creación	Deportes	Proxecto campo municipal de béisbol	Dotar a cidade dun campo homologado para a práctica deportiva de béisbol e para a súa utilización en competicións oficiais.		20.000,00 €	20.000,00 €
90	Nova creación	Deportes	Mellora instalacións deportivas de Samil	Actuar sobre as importantes deficiencias e mellorar as instalacións e equipamento		100.000,00 €	100.000,00 €
91	Nova creación	Deportes	Proxecto multidisciplinar 12 xornadas "Deporte na Rita"	Promover o deporte con actividades deportivas en diferentes modalidades		50.000,00 €	50.000,00 €
92	Nova creación	Deportes	Redacción proxecto Pavillón de Matamá	Elaborar o proxecto para dotar a parroquia de Matamá dunha instalación deportiva necesaria e lonxamente demandada		20.000,00 €	20.000,00 €
93	Nova creación	Deportes	Axudas urxencia a clubes en ano de ascenso de categoría	Facilitar apoio económico a aqueles clubes que atinxen un ascenso de categoría, para que dispoñan con axilidade de maior capacidade de financiamento para asumir as cargas e obrigas que provoca o cambio de categoría		100.000,00 €	100.000,00 €
94	Nova creación	Deportes	Programa Siareiros	Reactivar o programa Siareiros impulsado pola Fundación Vide		100.000,00 €	100.000,00 €
95	Nova creación	Deportes	Mellora da iluminación e instalacións das instalacións deportivas da ETEA	Resolver a incidencia que produce que desde hai varios anos non se poida utilizar a totalidade do campo da ETEA, ao ficar inutilizada a metade do sistema de iluminación		50.000,00 €	50.000,00 €
96	Nova creación	Deportes	Axuda clubs organización competicións internacionais	Promover que a cidade poida albergar e ser sede dun maior número de eventos deportivos internacionais		30.000,00 €	30.000,00 €
97	Nova creación	Deportes	Proxecto campo municipal de rugby	Dotar a cidade dun campo homologado para a práctica deportiva de rugby e para a súa utilización en competicións oficiais.		20.000,00 €	20.000,00 €
98	Nova creación	Educación	Mellora e modernización das áreas de xogo dos patios escolares	Dotar os centros educativos públicos da cidade de áreas de xogo renovadas sobo concepto de "patios vivos", cun deseño integrado co medio natural, que aposte nas experiencias manipulativas e sensitivas, os brinquedos tradicionais, e que evite a segregación de espazos por xénero.		120.000,00 €	120.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
99	Nova creación	Emprego	Programa de inserción laboral para persoas con diversidade funcional e TEA	Poñer en marcha un programa que promova a activa inserción laboral de persoas con diversidade funcional e TEA.		75.000,00 €	75.000,00 €
100	Nova creación	Emprego	Subvencións nominativas CIG, CCOO, UGT	Colaborar no financiamento da actividade dos tres principais sindicatos, polo seu interese público.		120.000,00 €	120.000,00 €
101	Nova creación	Fomento	PLAN CIDADE	Posta en marcha dun plan de investimentos interanuais para accións de mellora infraestrutural, dotacional e de servizos públicos no conxunto dos barrios e parroquias. Esta partida deberá ser suplementada coa utilización de remanente líquido de tesourería dispoñible ao finalizar o exercicio 2024.		2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
102	Nova creación	Fomento	Actuacións da mellora da accesibilidade peonil ao Hospital Álvaro Cunqueiro desde as parroquias solidantes	Facilitar o acceso a pé da veciñanza residente na contorna do Hospital Álvaro Cunqueiro		150.000,00 €	150.000,00 €
103	Nova creación	Funcionamento de centros docentes	Creación de novas escolas infantís municipais en Balaiídos, Calvario e Teis	A insuficiencia manifesta da oferta pública de prazas en escolas infantís, tal e como acredita o elevado número de solicitantes que quedan sen praza cada curso escolar, fai necesario a súa ampliación. A tal efecto é indispensable a construción de novas escolas infantís municipais, que atendan a demanda existente no conxunto do territorio da cidade, e principiando por aqueles barrios que presentan un especial déficit como é o caso de Balaiídos, O Calvario e Teis.		250.000,00 €	250.000,00 €
104	Nova creación	Funcionamento órganos de goberno	Elaboración estudo e avaliación para o rescate público das concesións dos servizos de abastecemento de auga, recollida do lixo, mantemento de parques e xardíns e transporte urbano.	Os servizos públicos municipais cuxa xestión fica externalizada a través da súa concesión a empresas privadas ten sido obxecto reiterado de queixa veciñal, polas insuficiencias do servizo e tamén polos seus elevados custos. A dimensión económica e organizativa do Concello de Vigo outorgan condicións obxectivas para abordar o rescate público dalgunhas desas concesións, singularmente dos servizos de abastecemento de auga e transporte urbano.		15.000,00 €	15.000,00 €
105	Nova creación	Igualdade e xénero	Elaboración proxecto construción de dous novos centros de información ás mulleres no barrio de Coia e Teis	Optimizar a atención municipal que se presta ao colectivo de mulleres, é indispensable a descentralización de servizos así como o aumento das dotacións desde os que estes se desenvolven.		40.000,00 €	40.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
106	Nova creación	Igualdade e xénero	Elaboración e posta en marcha do Plan Municipal de Apoio aos Coidados	O Plan Municipal de Apoio aos Coidados debe ser o instrumento público co que actuar desde o Concello, articulando de maneira integral actuacións nos diversos ámbitos e procurando dar unha resposta transversal e de conxunto.		300.000,00 €	300.000,00 €
107	Nova creación	Igualdade e xénero	Programa de apoio a mulleres vítimas de violencia machista	A violencia machista é a máis grave expresión do réxime de opresión e desigualdade que representa o patriarcado. A nosa cidade ten sido nos últimos meses escenario de graves agresións machistas, varias delas con resultado de morte. É por iso que se fai preciso implementar un programa específico que destine recursos e forza dunha mellor e maior atención ás vítimas de violencia machista.		300.000,00 €	300.000,00 €
108	Nova creación	Igualdade e xénero	Rede municipal de Puntos Liliá	Creación dunha rede municipal de Puntos Liliá contra a violencia machista		100.000,00 €	100.000,00 €
109	Nova creación	Medio ambiente	Programa de axudas para a prevención dos incendios, reforestación e valorización do monte comunal (Anel Verde)	Coa experiencia dos brutais efectos da vaga de lumes rexistrados no mes de outubro de 2017, é necesario despregar unha liña de axudas municipais, que combinadas coas que outras administracións poidan poñer en marcha, contribúan á prevención dos incendios, á reforestación e a valorización do monte en réxime de man común.		150.000,00 €	150.000,00 €
110	Nova creación	Medio ambiente	Axudas para o mantemento e mellora dos parques forestais da cidade	Habilitar unha liña de axudas directa, destinadas ás Comunidades de Montes, para colaborar no sostemento económico das accións de mantemento e mellora dos parques forestais da cidade.		50.000,00 €	50.000,00 €
111	Nova creación	Medio ambiente	Plan Municipal de resposta á emerxencia climática	A partir da declaración, polo Pleno en 2019, da situación de emerxencia climática na cidade, cómpre realizar un desenvolvemento un Plan Municipal que inclúa liñas e actuacións concretas destinadas a avanzar na sustentabilidade abordando a necesaria transición enerxética.		75.000,00 €	75.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
112	Nova creación	Medio ambiente	Oficina municipal de Enerxía	Creación dunha Oficina Municipal de Enerxía que preste apoio e asesoramento, a persoas e entidades, en relación as axudas públicas e recursos dispoñibéis para o aforro e eficiencia enerxéticas, así como a posta en marcha de Comunidades Enerxéticas de carácter local, e prestar asistencia á cidadanía perante os abusos das empresas eléctricas.		50.000,00 €	50.000,00 €
113	Nova creación	Medio ambiente	Sendas litorais	Construción de sendas peonís de acceso libre en diferentes ámbitos do litoral e na Illa de Toralla		200.000,00 €	200.000,00 €
114	Nova creación	Mobilidade	Plan para a implantación de aparcadoiros disuasorios	Posta en marcha dunha rede de aparcamentos disuasorios, axeitadamente conectados con transporte público, para reducir a circulación de vehículos privados.		25.000,00 €	25.000,00 €
115	Nova creación	Mobilidade	Mellora dos accesos a centros educativos públicos da cidade	Aplicar medidas que faciliten a accesibilidade, tanto peonil como de vehículos, a diferentes centros educativos públicos da cidade, entre outros, o CEIP Párroco D. Camilo (en Matamá) ou Carrasqueira (Coruxo).		150.000,00 €	150.000,00 €
116	Nova creación	Museos	Reformulación do proxecto museístico do Verbum	A proposta museística do Verbum-Casa das Palabras fica obsoleta e resulta pouco atractiva para o público. Xa que logo, é urxente unha reformulación do proxecto museístico para dotar a este contedor cultural dunha nova orientación e actividade, co obxectivo de alargar o seu redememento social.		50.000,00 €	50.000,00 €
117	Nova creación	Museos	Plan de dinamización da Pinacoteca	A Pinacoteca é unha dotación cultural e museística de primeiro nivel pero que fica infrautilizada polo que é necesario un plan de dinamización que, entre outros, amplie substancialmente os horarios de apertura e inclúa actividades de carácter divulgativo.		50.000,00 €	50.000,00 €
118	Nova creación	Museos	Centro Galego de Fotografía	Recuperación e posta en marcha do proxecto do Centro Galego de Fotografía.		175.000,00 €	175.000,00 €
119	Nova creación	Normalización Lingüística	Programa de promoción da lingua galega en Vigo	A situación sociolingüística na cidade, na que se patentiza un retroceso no uso oral e escrito do idioma propio de Galiza, visa a necesidade de desenvolver un programa activo de promoción o uso do galego en todos os ámbitos, prestando especial atención á		150.000,00 €	150.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
120	Nova creación	Normalización Lingüística	Estudo sociolingüístico da cidade	Elaborar, en colaboración coa Universidade de Vigo, un estudo sociolingüístico sobre a situación do uso social da lingua galega na cidade.		15.000,00 €	15.000,00 €
121	Nova creación	Órganos de goberno	Elaboración dun plan municipal de optimización e aforro do subministro de auga	Elaboración dun plan que, a partir dunha auditoría integral da rede de canalización, permita a implementación de medidas conducentes a optimizar o subministro de auga no termo municipal, a reducir as perdas derivadas da súa mala canalización e a		15.000,00 €	15.000,00 €
122	Nova creación	Órganos de goberno	Estudo para a creación dunha empresa municipal de servizos	De cara a viabilizar a posíbel remunicipalización dalgúns servizos externalizados, subcontratados ou concesionados, estudarase as posibilidades e fórmulas de cara a dotar ao Concello de Vigo dunha, ou máis, empresas municipais de servizos.		15.000,00 €	15.000,00 €
123	Nova creación	Órganos de goberno	Proxecto para o uso sociocomunitario da antiga Estación de Autobuses	Definir, con participación veciñal, usos de carácter sociocomunitario para a recuperación en beneficio da veciñanza das instalacións da antiga estación de autobuses na Avenida de Madrid.		20.000,00 €	20.000,00 €
124	Nova creación	Parque das ciencias Vigozoo	Proxecto de aplicación da estratexia Zoo XXI	Implementar a estratexia Zoo XXI para avanzar cara a un modelo máis sustentábel e de maior respecto cara ao benestar animal.		30.000,00 €	30.000,00 €
125	Nova creación	Parques e xardíns	Programa de protección e valorización ambiental do Río Lagares	O Lagares é o principal curso fluvial da cidade e un enclave natural de enorme riqueza do punto de vista ambiental e ecolóxico, que padece inda unha situación de degradación nalgun dos seus tramos.		100.000,00 €	100.000,00 €
126	Nova creación	Parques e xardíns	Proxecto de naturalización de espazos de xogo para crianzas	Promover espazos de xogo ao ar libre, naturalizados e que permitan experiencias manipulativas e o xogo libre, adecuadamente integrados a nivel ambiental, fronte ao modelo obsoleto de parque-fechado e dotado de atraccións de materiais sintéticos.		200.000,00 €	200.000,00 €
127	Nova creación	Participación cidadá	Proxecto de novos Centro Cívicos Municipais no Calvario e Navia	Elaboración dos proxectos para a posta en marcha dun Centro Cívico Municipal nos barrios do Calvario e de Navia, para corrixir o déficit dotacional que presentan este importantes contornos da cidade e atendendo a reivindicación veciñal.		50.000,00 €	50.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
128	Nova creación	Participación cidadá	Programa piloto de orzamentos participativos "Vigo Veciñal"	A través deste programa despregarase unha primeira experiencia piloto de cara a dotar a Vigo de mecanismos efectivos de participación social na elaboración dos orzamentos municipais. A tal efecto, esta partida destinarase aos programas e investimentos que se determinen a través da participación veciñal, tanto directa como a través das entidades, organizacións, colectivos e		2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
129	Nova creación	Participación cidadá	Convenio coa Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao"	Contribuír ao sostemento da actividade de interese público que realiza a federación que aglutina a meirande parte do tecido asociativo veciñal da cidade		50.000,00 €	50.000,00 €
130	Nova creación	Promoción cultural	Programas de dinamización cultural	Habilitar recursos para a recuperación dos programas culturais e festivais que foron suprimidos ou anulados nos últimos anos (Vigo a Escena, Alt, Move Vigo...) para reverter a política de desesertización cultural		200.000,00 €	200.000,00 €
131	Nova creación	Transporte colectivo urbano de viaxeiros	Bono bus gratuíto para persoas desempregadas e menores de 14 anos	A implementación dun novo bono bus que faga gratuíta a utilización do transporte urbano colectivo para o colectivo de persoas desempregadas de longa duración e as crianzas menores de 14 anos		200.000,00 €	200.000,00 €
132	Nova creación	Transporte colectivo urbano de viaxeiros	Plan de mobilidade local sustentábel	A mobilidade é un aspecto esencial na ordenación urbana. Diante das palpábeis elvas e insuficiencias do actual modelo de transporte colectivo, é necesario poñer en marcha un plan de mobilidade que reforce este servizo, reduza o tránsito de vehículo privado, e favoreza o desprazamento peonil e por medios sustentábeis como a bicicleta.		50.000,00 €	50.000,00 €
133	Nova creación	Xuventude	Programas de dinamización xuvenil Súbete ó Castro, Punto Xove e Casa da Xuventude	Recuperar os programas e espazos destinados a actividades para a mocidade		200.000,00 €	200.000,00 €
134	Nova creación	Xuventude	Programa de formación e sensibilización sexual afectiva e contra as violencias LGTBfóbicas	Posta en marcha dun programa destinado á mocidade desde o que ofrecer información e promover accións de sensibilización en materia de sexo-afectividade, cunha perspectiva feminista e inclusiva da diversidade de identidades e tendencias sexuais e o combate de todas as formas de violencia LGTBfóbicas.		40.000,00 €	40.000,00 €

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	AUMENTO / NOVA PARTIDA	TOTAL PARTIDA
135	Nova creación	Xuventude	Programa de sensibilización en materia de diversidade e prevención do discurso do odio	Despregar accións de sensibilización social fronte aos discursos de odio e en defensa da diversidade (sexual, de xénero, racial, funcional, etc)		35.000,00 €	35.000,00 €
TOTAL INCREMENTOS OU GASTOS DE NOVA CREACIÓN						21.928.000,00 €	

EMENDAS DE DIMINUCIÓN OU SUPRESIÓN DE PARTIDAS DE GASTO

EMENDA NÚMERO	TIPO	PARTIDA	DESCRIPCIÓN	XUSTIFICACIÓN	PARTIDA CONSIGNADA	DIMINUCIÓN/SUPRESIÓN	TOTAL PARTIDA
1	Diminución	1622 2279916	Verquido do lixo en Sogama.	<p>Asegurar o equilibrio económico-financieiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.</p>	10.000.000,00 €	-3.500.000,00 €	6.500.000,00 €
2	Diminución	4310 2279900	Instalación e mantemento do alumneado de nadal		2.428.120,34	-1.770.000,00 €	658.120,34 €
3	Diminución	4310 2279901	Programa de decoración e animación de Nadal		1.125.000,00 €	-950.000,00 €	175.000,00 €
4	Supresión	3260 2279917	Programa educativo Aulas Internacionais		3.300.000,00 €	-3.300.000,00 €	0,00 €
5	Supresión	3331 4700002	Convenio promoción cultural Auditorio do Mar		500.000,00 €	-500.000,00 €	0,00 €
6	Supresión	4320 2279902	Promoción turística destinos rutas aéreas		625.000,00 €	-625.000,00 €	0,00 €
7	Supresión	9120 2260100	Gastos órganos de goberno		200.000,00 €	-200.000,00 €	0,00 €
8	Supresión	9120 2260900	Exposición, congresos e actividades		80.000,00 €	-80.000,00 €	0,00 €
9	Supresión	9120 2270600	Redacción de estudos e proxectos institucionais		50.000,00 €	-50.000,00 €	0,00 €
10	Supresión	9120 2279900	Ase. Infraestruturas, urbanismo e outras		40.000,00 €	-40.000,00 €	0,00 €
11	Supresión	9120 2279902	Convenios		80.000,00 €	-80.000,00 €	0,00 €
12	Supresión	9120 2279905	Programas alcaldía		120.000,00 €	-120.000,00 €	0,00 €
13	Diminución	9121 2260200	Anuncios, bandos e campañas institucionais		1.325.000,00 €	-1.125.000,00 €	200.000,00 €
14	Diminución	9290 5000000	Fondo de continxencia		600.000,00 €	-100.000,00 €	500.000,00 €
15	Supresión	9120 4800000	CONV. DIOCESIS TUI-VIGO,FESTIVIDADE CRISTO e S.SANTA		88.000,00 €	-88.000,00 €	0,00 €
16	Diminución	9120 2279906	PRODUCCIÓN E SEGUIMENTO PLAN DE MEDIOS		350.000,00 €	-250.000,00 €	100.000,00 €
17	Supresión	1532 6190091	1ª ANUALIDADE HUMANIZACIÓN AVD. MADRID	9.150.000,00 €	-9.150.000,00 €	0,00 €	
TOTAL SUPRESIONS OU DIMINUCIONS DE GASTO						-21.928.000,00 €	0,00 €